

O PROCESO DE XOANA DE ARCO

Rober Bresson, 1962

1383

ESTREA EN NUMAX: 01.10.2024 | V.O.S.E. | 65 min

Guerra dos Cen Anos (1337-1453). Logo de ser capturada nunha batalla contra as tropas inglesas que invadiran Francia, Xoana de Arco, a Doncela de Orleáns, foi encarcerada e procesada por un tribunal eclesiástico que a acusou de bruxaría e a condenou a morrer na fogueira. Durante os interrogatorios, a moza afirmaba ter sufrido visións e ouvido voces que lle encomendaban a misión de salvar a Francia dos invasores ingleses.



O PROCESO DE XOANA DE ARCO

Robert Bresson, 1962

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Entrevista con Robert Bresson: «Cando se está no cárcere, a porta é o máis importante»

Por Ian Cameron

N'O proceso de Xoana de Arco hai moitos planos de portas. Cando se está no cárcere, o máis importante é a porta.

A miúdo, a fotografía é dunha escuridade pouco corrente. É para demostrar un estado de ánimo sombrío? Para min é moi importante mostrar as diferenzas reais de luz entre o interior e o exterior. Fóra hai moita claridade. Dentro está máis ou menos escuro. A verdade con respecto á luz participa da verdade total do filme.

Cando Xoana está no cárcere, vostede presenta un gran primeiro plano da man dun sacerdote (a man do doutor) que sostén a de Xoana cando está enferma. Por que este detalle? Quero que o público desexa ver o rostro de Xoana antes de mostralo.

Por que non é o bispo, senón os dous monxes de branco, os que comunican a Xoana que ten que morrer? Un deles é o seu confesor. O outro é o irmán Martín, que tratou de axudala facéndolle acenos durante o proceso. Son os dous que estiveron máis próximos a ela.

Hai certo número de primeiros planos de plumas que documentan o proceso. Por que di ela: "estades a escribir contra min, non ao meu favor?" Porque hai niso un significado dramático. Todo o que se diga será, en xeral, tomado en contra dela. O rozamento da pluma ten para min un significado dramático.

Por que lle traen o vestido que leva cando morre, no momento en que está a recibir a comunión do pan? A rapidez do final (que é invención miña) é para min un momento dramático.

Por que pon en plano un can ao aire libre cando Xoana está a piques de ser queimada? Durante calquera cerimonia sempre hai un can que pasa por medio. O animal sente que hai algo que non é normal.

Por que eses detalles en que se ve como lanzan os vestidos ao lume? Iso é moi importante. Non queren que queden reliquias.

Vostede mostra os pés de Xoana cando un dos do xentío lle fai unha cambadela. Por que o fai? Iso ten certa relación co que lle sucedeu a Cristo cando ía ser crucificado. Quero dar a entender a maneira en que Cristo foi humillado.

E as pombas que se pousan sobre a cuberta de seda do pavillón? Non hai aquí ningún simbolismo. Só é para mostrar que a vida segue.

Por que trata parcialmente a queima como un plano subxectivo da cruz que se vai escurecendo co fume? Paréceme que vostede quere que explique demasiado o que fixen.

Publicado na revista Movie, nº7, febreiro de 1963.
Recollido en <http://tjjeretazos.org>



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Notes sur le
cinématographe,*
Robert Bresson.
Gallimard, 2015

Robert Bresson,
Santos Zunzunegui.
Cátedra, 2001

Mouchette,
Robert Bresson.
a contracorrientefilms [DVD]

NUMAX
numax.org